



## O luns 29 de xuño comeza a marcha a pé dos folguistas do Metal a Compostela

- [Compostela](#) [1]
- [convenio do metal](#) [2]
- [folga](#) [3]
- [marcha a pé](#) [4]
- [Vigo](#) [5]

Desde as oito da mañá milleiros de folguistas sairán desde Vigo en autobuses para xuntarse cos compañeiros do Metal en folga de Pontevedra, Salnés, Morrazo e Deza para comezar unha marcha a pé, nun novo xeito de se mobilizar pola defensa dun convenio xusto, pola dignidade e loita exemplar deste sector.

Son xa dezaoito os días de folgas, moitas as accións levadas adiante ao longo destes meses, e de novo os traballadores e traballadoras do Metal volverán amosar a súa forza e vontade colectiva de construír movemento obreiro, desta volta cunha marcha a pé até Compostela, que comeza o luns 29 de xuño, e que rematará o martes 30 ás dúas da tarde, cunha concentración fronte a San Cateano, fronte á Xunta de Galiza, pasiva e ausente neste conflito desde o primeiro momento.

O Movemento pola Base quere amosar o seu apoio a esta marcha así como á loita exemplar dos traballadores e traballadoras do Metal de Pontevedra, polo seu esforzo e pola súa resistencia contra todos os elementos neste tempos de crise, porque cando queren someter ao movemento sindical máis combativo e participativo, o Metal non se rende.

- [Compostela](#)
- [convenio do metal](#)
- [folga](#)
- [marcha a pé](#)
- [Vigo](#)

### Source URL:

<http://www.polabase.net/nova/2009/06/29/o-luns-29-xuno-comeza-marcha-pe-dos-folguistas-do-metal-compostela>

### Links:

- [1] <http://www.polabase.net/novas/marcas/compostela>  
[2] <http://www.polabase.net/novas/marcas/convenio-do-metal>  
[3] <http://www.polabase.net/novas/marcas/folga>  
[4] <http://www.polabase.net/novas/marcas/marcha-pe>  
[5] <http://www.polabase.net/novas/marcas/vigo>